



Narón, 5 de febreiro de 2019

Estimado pai/nai:

Alumnas e alumnos deste colexio participan no programa municipal *Camiños Escolares Seguros*, unha proposta impulsada desde o Concello de Narón coa que se fomentan hábitos de vida saudables entre os nenos e nenas e tamén a súa autonomía persoal, ao desprazarse camiñando, en bicicleta ou en patinete ao seu colexio.

As altas neste programa, que discorre por uns trazados con sinalización horizontal e vertical ata os colexios, poden facerse a través da páxina **pegadas.naron.es** ou da **APP Pegadas Narón** (dispoñible para sistema Android).

No centro escolar entregaráselle ao seu fillo/a unha pulseira coa que fichará na entrada do centro e sumará unha pegada –un punto cada día que acuda camiñando, en bicicleta ou en patinete-, e que acumulará para poder canxear por agasallos ou descontos en establecementos da cidade. O canxe realizarase a través dun cupón que, tal e como se indica na páxina **pegadas.naron.es** e na **APP Pegadas Narón**, unha vez impreso deberá validarse no comercio ou na oficina de Educación Viaria do Concello, en función do establecemento elixido.

Na páxina e na APP os pais e nais poderán obter toda a información dos Camiños Escolares Seguros e tamén se lles indicará o momento exacto no que o seu fillo ou filla entra no colexio (ao fichar); o número de pegadas acumuladas; o catálogo de agasallos e recibir mensaxes do equipo de Educación Viaria de Narón. A mesma información pero que se ofrece dun xeito máis áxil a través da **APP Pegadas Narón**.

Ao inicio do curso escolar o contador de pegadas partirá de cero e poderán canxearse como data límite o 15 de xullo de cada ano. As avarías da pulseira, o mal funcionamento ou a perda da mesma deberán comunicarse aos responsables do centro educativo. Os menores recuperarán as pegadas acumuladas agás no caso de extravío da pulseira, no que se lles restarán dez das acumuladas ata a data.



NARÓN

Para calquera consulta sobre os *Camiños Escolares Seguros* podedes contactar co equipo de Educación Viaria, a través do correo electrónico: **seguridadevial@naron.es** ou dos números de teléfono: 600 448 730 ou 666 438 222.

Desde o Concello de Narón queremos agradecer a total implicación e colaboración das familias para o correcto desenvolvemento deste programa, que obtivo grazas a todas e todos vós e aos vosos fillos e fillas, unha excelente resposta desde o seu inicio, facendo desta nosa cidade un referente en materia de Educación e Seguridade Viaria.

Marián Ferreiro Díaz

Alcaldesa de Narón